

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:  
2024/G007/000003**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Vista a relación de expedientes concluídos asinada polo secretario xeral do Pleno en data 9 de xaneiro de 2024\_ e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **venres, día 12 de xaneiro de 2024, ás 09:00 horas**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/1 RENUNCIA DE DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ AO CARGO DE ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

**Cúmprase.**